

## Presentación

da 2ª ed. da novela de Manuel Gago,

## O ANXO NEGRO

Libraría Biblos (Betanzos) 13 de outubro de 2016

Alfredo Erias

Teño que recoñecer que estou moi gratamente sorprendido da capacidade de Manolo Gago, que foi quen de artellar semellante obra. Despois de lela non me estraña que en catro meses xa saia a segunda edición. Para os que nos movemos no mundo do patrimonio, dados ó pesimismo por tantas razóns, acontecementos como este elévannos a moral.

Por Manolo Gago teño unha antiga admiración, debido á súa labor teimuda en defensa do patrimonio galego a través de Internet e de tódolos medios con que pode contar. Foi así como, procurando novas sobre o extraordinario achado dun poboado en Punta de Muros (hoxe destruído, porque alí está o Porto Exterior, que parecía un castro, pero que resultou ser unha factoría de fundición de bronce, anterior ós castros), atopei datos ó respecto na web de Manolo. Non o coñecía persoalmente, pero escribinlle e rapidamente me puxo en contacto co arqueólogo Juan Cano que, para a miña sorpresa, me dixo que o *Anuario Brigantino* era a primeira revista de investigación galega que se interesaba por este asunto. En fin, isto é Galicia e daría para outra historia. O caso é que desde aquela quedoume unha débeda con Manolo.

Recentemente poiden colaborar con el desde o Museo das Mariñas na mostra do Consello da Cultura Galega “Galicia 100”, da que é comisario, e agora con moito gusto direi algo sobre a súa novela, despois de lela obsesivamente estes últimos días.

\*\*\*

O feito de que o argumento da novela teña como punto de partida o roubo dunha imaxe relixiosa de moita devoción nunha aldea montañosa da Costa da Morte crea un escenario que Manolo Gago pode traballar moi ben. Porque todos sabemos que os arquivos de causas criminais que gardamos en Galicia están cheos de roubos nas igrexas, pero estes feitos non son cousa antiga soamente, senon tamén moderna e nós en Betanzos co roubo que fixo Erik el

Belga en 1981 do retablo tardogótico de Santa María do Azougue (do que aínda faltan algúns elementos importantes por recuperar) sabémolo ben.

Manolo Gago nesta obra, que non deixa de ser sempre unha novela, pero ben documentada, contextualízanos esta oleada de roubos no postconcilio Vaticano II (1962-1965). O capítulo que chama IGREXA DE VILASENDE ilustra magnificamente estes roubos e o seu entramado internacional, pero tamén o papel culpable da Igrexa que vemos, por exemplo, no capítulo PAZO ARCEBISPAL (léase a páx. 363).

Precisamente, cando escenifica diálogos entre eclesiásticos é onde a finura psicolóxica de Manolo Gago se afía. Por exemplo na páx. 364 lemos rapidamente, aludindo ó arcebispo:

**“De temperamento sanguíneo, sabía ser tan cauto como agora, empregando ese ton de voz tan neutro do que se servía cando falaba coas autoridades franquistas. Ese ton de “non estou do teu lado, pero tampouco estou do outro””.**

Neste caso, como en tantos outros, o autor fai gala dunha mestría psicolóxica e antropolóxica de primeiro nivel: coñece á súa xente e sabe como describila e ubicala no entramado complexo da novela. Trata con agarimo e finuara o mundo das crenzas e dos ritos populares, os tipos sociais que aínda sobreviven, o papel do cura, etc.

Pero, por outra parte, tamén ten que coñecer a gran Historia, porque nesta novela aparece Alexandre Farnesio, don Juan de Austria ou María I Estuardo, por exemplo, sen contar os galegos dos terzos de Flandes loitando contra o inimigo, a miseria e a enfermidade. Nesta liña, a creación xenial dunha figura tan singular como é o conde Diego de Carnota, afeccionado ó viño do Ribeiro e a outras cousas, podería ter máis futuro literario se lle parece ó autor. Autocalifícase de soldado e de bruto, pero foi quen de relacionarse nada menos que con don Juan de Austria e coa raíña escocesa e católica María Estuardo, que ten un protagonismo importante na novela. Non debo desvelar máis, porque é un dos cumios da obra que o lector debe atopar por si mesmo.

Efectivamente, a lectura da obra é o camiño que o lector debe percorrer e o pracer está precisamente en percorrelo. A intriga argumental está ben construída, como se dun labirinto dos nosos petroglifos se tratase, dun fino encaixe de camariñas ou dunha especie de eterno lazo celta con escenas aparentemente moi

diferentes en tempo e espazo, que se van entrecruzando ata que rematan por encaixar. Todo ten sentido: desde a historia pequena dunha aldea que sofre o roubo da súa santiña, ata a gran Historia.

O Atlántico úneo todo nesta especie de caldo galego ben feito con tódolos ingredientes precisos: o fondo dunha paisaxe marítima e dunha vella cultura, a avaricia, a traxedia, a resistencia e tamén o amor que traspasa os séculos e permanece manifestado nunha máxica escultura de pedra que representa á ancestral deusa nai: unha Santa Mariña.

É unha novela coral, certamente. O protagonismo máis que duns persoaxes moi concretos, que tamén os hai, é dun pobo, do pobo que defende e ama Manolo Gago. Por debaixo de todo, e aínda que a novela é iso, unha novela, chea de intriga e misterio que te enganxa e te leva, está a teima obsesiva de Manolo na defensa en sentido moi amplo do patrimonio, tanto material como inmaterial. Trata con agarimo a devoción popular, porque a entende, e aplica gran cantidade de matices á paisaxe humana. Exemplifícase, por exemplo, no caso da Garda Civil á que o autor non perdoo o seu papel nos paseos da Guerra Civil e da postguerra á beira dos falanxistas, pero tamén é capaz de ver outra cara. Nese senso é moi emblemático o enfrontamento dun garda civil cunha vella teimuda e forte que ninguén pode vencer por duras que sexan as ameazas. Diríase que esta vella se identifica con Galicia. Unha vella que xa sufriu todo o que tiña que sufrir para agora ter medo dun garda civil calquera; unha vella que non por casualidade se chama María Castro e que, por un momento, vence a Mohedano un garda civil cacereño que remata por representar a cara amable dese corpo.

Uns homes que querían que o cura lles vendera imaxes, ó resistirse este, tirárono do campanario e morreu. María Castro e outras mulleres atacáronos e eles fuxiron, pero as mulleres non deron parte á Garda Civil e así se produce despois este diálogo (ver páxinas 371-372).

O tempo será xuíz, pero creo que estamos diante dunha gran obra literaria que quedará así refrexada na Historia da Literatura Galega dos anos que virán. Léndoa sentín o eco dos grandes autores clásicos. E paréceme que de cara ó futuro, Manolo Gago ten o perfil perfecto para facer esa gran novela de Galicia que todos esperamos hai tempo, que nos fale de mitos, de sagas, de emigración, de fracasos e de éxitos, desa Galicia universal que soamente unha persoa que a coñece ben como el pode enfrontar,

unha Galicia de tebras e de luz, de noites da Santa Compañía e de camiños de peregrinación ó fin do mundo que levan ó coñecemento luminoso e ó futuro certo dun pobo milenario que deu vida a moitos outros do mundo, especialmente do Atlántico.

Porque Galicia hoxe está orfa dun gran relato asumido por todos e ese relato, necesariamente encadeado ó noso océano, pode ter referencias en traballos de arqueólogos e de historiadores, pero soamente nos chegará de verdade da man da literatura: un relato que precisamos como o pan e sen o cal non poderemos construír o noso país, porque nos faltará a masa espiritual que faga que nos unamos e nos identifiquemos con nós mesmos.

Como pintor chámame a atención que a novela se mova nunhas paisaxes que eu denominaría románticas no sentido de que amosan un mundo en certo modo exótico, por máis que sexa o seu mundo, o noso mundo; un mundo atlántico que non sempre deixa ver con claridade as formas da realidade e que nos trae constantemente o ulido do sal mariño.

A noite galega cos seus temores e medos, coas tebras que envolven malas intencións, feitos terribles, ten o seu espazo protagónico. E logo o mar tempestuoso non soamente é parte fundamenteal dese marco, senon que crea no lector algo así como unha sinfonía de fondo que o acompaña no subconsciente páxina tras páxina. E dentro deste gran lenzo están as ambientes máis concretos, as aldeas, as paisaxes interiores, as casas, a igrexa, o mosteiro, a paisaxe humana, as conversas, os esbozos psicolóxicos punzantes e definitivos que non precisan de moitas voltas para que saibamos a catadura de cada quen: o vello capitán investigador Nicolás Bren, co que camiñamos por boa parte da novela e do que sospeito é un *alter ego* do autor, os homes e as mulleres duras como pedras, algúns eclesiásticos que se moven nas tebras como os morcegos; os personaxes da gran Historia ligados a Galicia a través da imaxe dunha santa...

Este é, digamos, un marco cromático xeral sobre o que se constrúe un entramado argumental moi rico.

Por algunha razón, mergullado nestas páxinas, recordei unha película mítica de sabor tamén moi atlántico, ***La hija de Ryan*** (de 1970), dirixida por David Lean. Está ambientada na grandiosa costa de Irlanda, que ten un protagonismo absoluto, e nela entrelázase o drama, a traxedia, a política e o amor, nun aire psicolóxico por momentos torturante, propio dos mundos pechados das aldeas.

Probablemente me véu esta lembranza porque a novela de Manolo Gago pide inmediatamente un gran director para levala ó cine. Teno todo para iso: a Galicia milenaria de xentes endurecidas polo traballo e as inxustizas, un contexto de roubos patrimoniais masivos nos que a propia Igrexa, a distintos niveis, ten un protagonismo destacado; o choque cos códigos culturais dun vello pobo que se defende como pode; a costa da Morte, a historia de Europa... E todo xirando arredor da odisea dunha santa de pedra, Santa Mariña, de gran devoción.

As miñas felicitacións a Manolo Gago e á ed. Xerais porque en maio deste ano editouse esta novela e en setembro xa se tivo que sacar unha 2ª ed. Iso é un primeiro punto indicativo de que estamos diante dun fenómeno literario que non é moi frecuente en Galicia. Creo que este éxito está moi xustificado e para min foi unha honra participar nesta presentación.

Moi agradecido.

---